

## Libros

**Wolff, Richard conversa con Barsamian, David, “Ocupa a economía. Cuestionando o capitalismo”.** Tradución de Gonzalves Vicente, Ánxelo, Kalandraka (Factoría K), 2013, 182 páxinas, ISBN: 978-84-15250-59-3.

**E**stamos perante unha análise completa e fonda da intensa crise que o sistema capitalista atravesa desde os últimos anos da primeira década do século XXI. Unha análise, non obstante, exposta nun accesíbel rexistro que resulta da linguaxe informal propia da técnica empregada para a elaboración do libro, a entrevista, e da longa experiencia docente do entrevistado, o Profesor Emérito de Economía da Universidade de Massachussets, Richard Wolff, que acompaña o seu discurso de clarificadores e constantes exemplos.

Wolff, que gañou maior visibilidade internacional a partir do movemento Ocupa Wall Street, de que é un dos principais ideólogos, aborda a crise capitalista e a súa superación sen dogmatismos ideolóxicos, con lecturas e propostas que sorprenderán a quen se acheguen a esta obra. Unha destas propostas, probabelmente formulada con afán simplificador mais sen dúbida polémica e interesante, consiste en considerar capitalistas non só as persoas que teñen capital en propiedade, senón tamén a aquelas que asumen os máis elevados postos na xestión desas propiedades.

A chave fundamental para a saída da crise e a troca do sistema económico capitalista por outro de carácter máis humano ou, mellor, humanista, consiste na democratización da economía, que pasa pola estatalización de sectores fundamentais, mais tamén polo control das empresas por parte das traballadoras e traballadores. Se as traballadoras dunha fábrica ou dunha oficina toman as decisións na xestión do negocio, estas estarán permeadas de valores humanos: os despedimentos serán máis improbábeis, ou as deslocalizacións do negocio, porase máis coidado en non causar dano ambiental, etc.

Se a xestión debe envolver tamén a propiedade do xestionado, ou o como atinxir tales mudanzas, son cuestións que non fican dilucidadas nesta obra. Mais aquí convén sinalar que o obxectivo fundamental do libro está na explicación da crise, as súas causas e as súas consecuencias.

Destaca a crítica ao sistema capitalista, de que o economista considera que se derivan valores egoístas que levan á loita de todas contra todas. E destaca pola clareza con que son denunciados algúns dos males clásicos, con recurso a exemplos certos. Valores que non toleramos no día a día, no contexto familiar, por exemplo, si son tolerados cando entramos na esfera do sistema económico para satisfacer unha necesidade. Traéndoo ao noso ámbito cultural, Wolff viría a soste que o “amiguiñas si,

mais a vaquiña polo que vale” nunca foi un principio universal, senón aplicábel a casos concretos e considerado inmoral noutros. O problema que a sociedade capitalista de hoxe encara é que os primeiros aumentan cada vez máis, e os segundos diminúen.

Outro elemento ben explicado no libro, e que con frecuencia parece esquecerse no debate público actual sobre a crise e as súas consecuencias, consiste na súa orixe estadounidense. Unha orixe marcada por un sistema financeiro voraz, políticaicamente moi influente nun sistema político altamente permeábel aos poderes fácticos, por un empresariado tamén voraz, unhas forzas de esquerda débiles ou inexistentes e unhas traballadoras con cada vez menos capacidade adquisitiva, mais persuadidas da necesidade de consumir e ter para seren felices.

De grande interese para a lectora europea é a recapitulación rápida da tradición socialista nos Estados Unidos, frecuentemente descoñecida ou esquecida. Tamén a visión optimista en relación ao futuro que a este ramo ideolóxico agarda nun dos máis importantes países do mundo, desde diversos puntos de vista.

Convén deitar ao menos un parágrafo sobre o mestre de cerimonias da obra, que con preguntas acaídas vai guiando o discurso. Trátase do xornalista norteamericano, David Barsamian, na Europa máis coñecido polos seus, tamén, libros-entrevista a Noam Chomsky.

*Ánxelo Gonzalves Vicente*

***Manuel Gómez Galán, Daniel Pavón Piscitello, Héctor Sainz Ollero, “El enfoque basado en los derechos humanos en los programas y proyectos de desarrollo”, 2013. CIDEAL. 259 páx. ISBN: 978-84-87082-61-0.***

**A**topándonos ás portas da axenda post-2015, que pecha e ó mesmo tempo se proxecta dende os Obxectivos de Desenvolvemento do Milenio, comezan a aflorar nos eidos da Cooperación Internacional enfoques e achegas coa pretenda de orientar ás novas prácticas e actuacións en materia de desenvolvemento.

A presente obra enmárcase nesta liña da man do Enfoque Baseado nos Dereitos Humanos (EBDH). Tendo como premisa de partida o potencial do EBDH -como promotor do desenvolvemento nas sociedades e asumindo que na meirande parte das axencias de cooperación internacional, así como nas declaracións que conforman as axendas e políticas do desenvolvemento, atópase amplamente recoñecido- a tripla autoría de Gómez-Galán, Pavón Piscitello e Sainz Ollero, vén respondendo con esta obra á traxectoria que realiza a Fundación CIDEAL en canto a investigación, reflexión académica e asistencia técnica en diversos programas e proxectos de desenvolvemento nos países do Sur.

Os seus propósitos baséanse na tentativa de contribuír a unha incorporación real do EBDH no que se refire ós programas e proxectos de cooperación para o desenvolvemento, xa que ata o de agora, malia de gozar dos aplausos e beneplácitos no sector, non deu en callar de forma plena e certa a pesares dos diferentes intentos. Para elo, elaboraron unha proposta propia, a modo de guía, para que os programas e proxectos de desenvolvemento poidan adoitarse o enfoque tanto no seu deseño como na súa aplicación.

Para que o éxito da súa achega teña a merecida receptividade, o presente traballo aparece estruturado en tres pasaxes. Nun inicio, os autores preséntanlle habilmente ó lector as características dos Dereitos Humanos, para así, contextualizalo mediante unhas nocións xerais naquelo que eles entenden que debe ser o marco normativo que sustente os obxectivos de desenvolvemento futuros. Neste caso, e como xa se adiantou, trátase da necesidade e pertinencia de integrar dito enfoque no deseño e operar da cooperación ó desenvolvemento. Válese dunha breve definición, apuntan as características e principios máis sobresaíntes e fan un repaso polo súa configuración histórica. Tamén abordan os diferentes tipos de dereitos humanos e aqueles instrumentos normativos que miran pola súa tutela. Alén desta presentación, será nas derradeiras liñas da primeira parte cando introducen o EBDH dende a definición do propio concepto -coa súa respectiva evolución- á pertinencia do mesmo.

A segunda pasaxe da obra é considerada polos autores como a parte máis orixinal e significativa. Consiste no apuntar dunha proposta aberta e sinxela para a aplicación do EBDH na xestión de programas e proxectos de desenvolvemento. Consideran que parte dos fracasos pasados nos que tivo lugar este enfoque teñen que ver coa dificultade de artellar proposicións cunha metodoloxía doada. Indican así nove pasos ou accións concretas a modo de posibles pautas no accionar dos programas e proxectos de cooperación ó desenvolvemento.

Por último, a terceira das partes correspóndese co exemplo dun caso práctico para achegarnos de xeito máis palpable algúns camiños a seguir na aplicación do EBDH. Deixando a un lado as limitacións que carrega a simplificación dunha realidade concreta, este último apartado pretende facilitar a comprensión dos contidos anteriormente retratados pero agora dunha forma máis tanxible.

En canto á narrativa utilizada, pódese sinalar o feito de facer confluír xa dende o comezo, a claridade e mailo carácter didáctico coa capacidade de síntese - tendo en conta a amplitude do asunto-. Se ben é certo que o libro semella parecer orientado de cara a un lector específico interesado nas áreas da cooperación internacional, sobre todo se atendemos a segunda e terceira parte da obra, a primeira, acaba por resultar unha interesante aproximación do devir e significado dos Dereitos Humanos. Desta maneira, facilita a comprensión a un lector non tan familiarizado coa temática permitindo o seguimento e gozo no que resta do libro. Ó mesmo tempo, e axudando a este achegar para con todos os públicos, debe destacarse o esforzo realizado na segunda parte por situar a súa proposta no marco ó uso do que veñen sendo os programas e proxectos de cooperación. Presentar este marco, abordar a planificación e tamén as

ferramentas e metodoloxías habituais no sector, alén de ser pertinente, simplifícalle ó lector, e por suposto o futuro operador, a radiografía completa das axendas e formulacións do desenvolvemento.

Polo tanto, ofrécese con elo, un mellor entendemento da proposta suxerida polos tres autores.

Máis aló das consideracións positivas en relación a obra, percíbese dalgunha forma a ausencia de certos aspectos que poderían arroupar e dar cohesión ó discurso dos EBDH. Entre eles destácase a falta de facer mención ás dificultades de presentar propostas reais e coherentes cos obxectivos de defensa dos dereitos humanos nun contexto tan viciado e sometido a crítica, ó falarmos do sistema de cooperación internacional e do concepto de desenvolvemento en si. Non presentar alternativas ós modelos de anticooperación en nome do desenvolvemento, os cales se atopan inxeridos nunha estrutura incapaz posta de manifesto dende o seu nacemento logo da Guerra Fría, deixa un pouco “vendidas”, por así dicilo, calquera das suxestións por moi traballadas que se atopan.

Segue a ser este un problema fundamental no momento de acadar obxectivos. Se ben é certo que co enfoque dos dereitos humanos na área da cooperación internacional se produciu un gran salto á hora de incluír máis aspectos fóra do crecemento económico, postulado en épocas pasadas como motor para o benestar das sociedades, non debe deixarse pasar por alto que non se están cuestionando os principais fundamentos teóricos e metodolóxicos xerais da ortodoxia que ata o de agora non deron resultado.

É dicir, malia que se pretende desprazar o protagonismo pasado que a dimensión material ocupou nas axendas da cooperación- dedicadas a paliar as necesidades básicas das poboacións- e apostar entón por unhas prácticas que postulen o recoñecemento de que toda persoa é titular duns dereitos inherentes, xunto coa inclusión do enfoque de xénero que tamén se contempla como parte transversal no EBDH, acábase por facer parte da proposta e práctica dos organismos internacionais encargados do sistema de cooperación, onde as axencias de Nacións Unidas, as ONGD's ou calquera outro actor atópanse na insistencia dunha estrutura que acaba por primar o modelo imperante de desenvolvemento económico ó servizo dos intereses dos países máis desenvolvidos e da supervivencia do propio modelo de cooperación, a pesar da crise na que leva sumido tantos anos. Na fin, todo parece reinventarse para seguir desempeñando o mesmo tipo de accións, onde os uns definen a falta dos outros permanecendo no mesmo réxime de goberno que non se desexa abandonar.

De todas maneiras, a obra amosa sen pretender a crítica recia, unha boa panorámica que dá conta do funcionar máis práctico da cooperación, ó ter coma tema central os programas e proxectos de desenvolvemento. Velaí que sexa moi recomendable a súa lectura, alén de todas as consideracións xa mencionadas liñas atrás.

*Mari Armesto*